e renderlles homenaxe aos seus mártires. Ás veces, a súa participación no filme non ten que ver a actuación, senón que axudan entre bastidores ou —en moitos casos— cociñando e dándolle de comer ao equipo.

Esforzámonos moito en cada proxecto, que vai sempre da man da xente de Rojava. As persoas refuxiadas que vivían nos campamentos uníanse a nós para axudar, os amigos ofrecíannos os seus coches para desprazarnos durante a rodaxe e a xente dos nosos barrios ofrecía calquera cousa que nos fose útil. En cada paso e etapa do peche de calquera proxecto estabamos rodeados do apoio da nosa xente, que cría en nós e nos confiaba as súas historias.

Por desgraza, todos estes esforzos poden parecer pequenos en comparación coas producións das grandes compañías cinematográficas internacionais que fan filmes sobre a xente de Rojava nun abrir e pechar de ollos, sen afondar no sufrimento e realidades destas persoas. A ironía é que, debido aos seus privilexios e posicións, os seus filmes sobre nós chegan a grandes festivais e gañan popularidade no mundo. O reparto dos seus filmes nin sequera inclúe persoas de Rojava, e o obxectivo principal e único destes filmes é o beneficio económico. Nun filme sobre os combatentes do YPJ ou do YPG non se recoñecen as persoas kurdas, a súa identidade, a súa historia, a súa cultura ou a súa loita.

Isto é indicativo da indiferenza da industria cinematográfica internacional e a súa falta de respecto cara a Rojava, que loitou e sacrificou moito para conseguir os seus dereitos e liberdades. O noso sufrimento, a nosa resistencia e a nosa loita non é un bombo mediático máis, senón que pretende abrir os ollos do mundo ás décadas de opresión que levamos sufrido.

Por todo isto, na Comuna decidimos que aínda que as voces das nosas historias reais sexan suprimidas polo brillo dos filmes de Hollywood sobre nós, seguiremos traballando e facendo o que amamos e o que o noso pobo quere. Non procuramos a gloria ou o beneficio económico. Traballamos para contar historias, para a nosa xente, a nosa familia, as nosas amizades e veciñanza. Cada proxección, cada produción, formación ou obradoiro baséase no apoio mutuo. Calquera persoa interesada no cinema ten as súas propias perspectivas e enfoques, mais para nós o cinema é memoria colectiva, é a suma de todas as nosas lembranzas, é unha historia de resistencia.

Texto publicado en rewend.desorg.org

Organizamos:
Fundación Cuña-Casasbellas - Cineclube Pontevedra - Ateneo Libertario - Alouette Machine - Komîna FÌlm a Rojava

REWEND - MOSTRA ITINERANTE DE CINEMA KURDO

- Día 2:
  Çavên Rêwî / Ollos de viaxeiro
  (Masoud Krad, 2018, Federación do Noreste de Siria - Rojava, 23')
  Sîka Ciya yê Kurmênc / A sombra da montaña kurda
  (Azad Evdikê, 2018, Federación do Noreste de Siria - Rojava, 22')
  Mal / Fogar
  (Sevinaz Evidke, 2018, Federación do Noreste de Siria - Rojava, 9'40")

- Día 7:
  Berf'în
  (Özlem Arzeba, 2019, Bashur - Kurdistán Sur, 73')

XUÑO DE 2022
FUNDACIÓN CUÑA-CASASBELLAS

O VIDEOACTIVISMO E A REVOLUCIÓN DE ROJAVA
POR SEVINAZ EVDIKE (COMUNA DE CINE DE ROJAVA)

Nos anos 80 só había seis salas de cinema en Damasco, mentres que na rexión de Rojava había once. A paixón polo cinema non era nada inusual en Rojava. As persoas armenias, asirias, kurdas e árabes tiñan unha gran paixón por esta arte e traballaban activamente para difundila abrindo salas de cinema. Mais as políticas opresivas e tiránicas do rexime sirio contra esta rexión en particular converteron a maioría destas salas en clubs nocturnos e salóns de voda.

Trala liberación de Kobanê en 2015, a cultura cinematográfica cobrou vida de novo na sociedade de Rojava. A mocidade que antes traballaba clandestinamente no ámbito do cine foi a primeira en poñerse á fronte deste movemento de recuperación. Voluntariado de distintas partes de Kurdistán, de Turquía e doutras partes do mundo participou na reconstrución desta arte. Parte deste voluntariado estranxeiro colleu as armas e uniuse á resistencia que tiña lugar en Kobanê.

Todos nos unimos da man para construír as bases da industria cinematográfica na rexión. Ocorréusenos a idea de construír unha institución, A Komîna Fîlm a Rojava, para crear un espazo para o cinema, que levaba prohibido tanto tempo. O noso obxectivo era formar parte desta revolución sen ter que coller as armas: collendo a cámara e documentando a realidade do noso territorio. Queriamos mostrar a resistencia e a capacidade de recuperación do pobo de Rojava a través do cinema. Como primeiro paso, a Komîna promoveu proxeccións de filmes por toda a rexión: filmes de distintas orixes culturais e sociais, realizados por persoas de Rojava e de distintas partes do mundo, nun intento de mostrar historias de resistencia e de revolucións de fóra de Rojava. O noso obxectivo era crear tamén unha nova experiencia e identidade cinematográfica, diferente á anterior á guerra, para que a xente esquecese os últimos cinco anos de dor e sufrimento. Queriamos ser a voz do noso pobo, contar as súas historias de opresión e sufrimento, contar as nosas propias historias de todo o que pasaramos durante a guerra.

Dende os primeiros días da revolución en Rojava, os medios de comunicación internacionais viñan e marchaban logo duns días na fronte da guerra, mostrando logo retratos occidentalizados da nosa revolución. Os medios de comunicación occidentais non lle mostraron ao mundo que as mulleres kurdas colleron as armas en 1995. A historia oculta e verdadeira detrás da loita e resistencia destas mulleres non se compartiu co mundo. Non se contaron as historias destas persoas: as motivacións, ideoloxías, antecendentes culturais e sociolóxicos que as levaron a armárense e enfrontárense á organización terrorista máis perigosa do mundo. Non se contou nada sobre a nosa longa historia de opresións, xenocidios e intentos de borrado das nosas identidades. Decatámonos de que o único xeito de sermos libres era loitar contra calquera inimigo que se achegase á nosa terra e sermos nós os narradores da nosa propia historia. E aquí estaba a oportunidade para que a Komîna contase historias nunca narradas e presentase a verdadeira imaxe da realidade e os antecedentes da rexión.

Aínda que debido á supresión da cultura cinematográfica a xente non tiña xa a menor idea sobre cine, o entusiasmo e as ganas de aprender e formarse en cinematografía foron abondas para involucrar a mocidade en todo o proceso. A xente uniuse a nós con distintas motivacións: para formar parte da revolución, para aprender a usar a cámara, para participar na filmación dun documental.

Inspirámonos no sistema de comunas adoptado nos barrios da rexión. Adoptouse o principio de igualdade do sistema de copresidencia (un home e unha muller) da nosa nova administración autónoma. Comezamos unha formación a curto prazo que incluía historia da arte, fundamentos de uso da cámara, montaxe... Como resultado, máis persoas pediron unirse e formar parte da comuna. Un dos nosos obxectivos era proxectar filmes por toda Rojava: internacionais ou locais, de animación ou de cine, dirixidos por Hitchcock ou Bahman Ghobadi. Queriamos xerar un ambiente distinto, mais entretido. Para crianzas e persoas adultas. Lonxe da guerra e dos seus horrores. Mais tamén procuramos restablecer e reactivar a cultura cinematográfica reprimida asociada ao trauma e ao estigma, traer historias de todas partes para ter contacto con distintas culturas, nutrir as nosas mentes e recordos até entón alimentados con dramas e programas televisivos dos reximes turco e sirio. Logo dun ano de creación da Comuna, proxectaramos máis de 300 filmes en toda Rojava. Contabamos con 45 membros que traballaban na Comuna, entre eles estudantes universitarios que viñan ofrecer axuda para as proxeccións e actividades. Isto motivounos para o seguinte paso e principal obxectivo: producir cinema.

O que fai que o noso proceso de filmación sexa especial e interesante é que tomamos as historias orixinais da propia xente. Se a miña nai me conta unha historia, ao día seguinte vou á Komina e compártoa alí, logo discutimos xuntos para investigar o fondo desa historia.

Os nosos castings para os filmes fanse de maneira espontánea, igual có proceso de investigación das historias. Escollemos persoas que viviran o mesmo cás personaxes dos nosos guións. Se a nosa historia inclúe a nai dun mártir, visitamos a Casa das Familias dos Mártires e preguntámoslle á xente se quere interpretar ese papel. A maioría da xente acepta porque é a única oportunidade de expresar a dor